

## **AER RECOLLE SINATURAS PARA PODER PRESENTARSE NOVAMENTE ÁS ELECCIÓN MUNICIPAL COMO “AGRUPACIÓN DE ELECTORES”**

**Nun concello como Redondela, as “agrupacións de electores” precisan do aval dun mínimo de 500 sinaturas da veciñanza para poder concorrer aos comicios locais.**

**Unha vez convocadas as eleccións municipais no BOE do día 2 de abril, AER dispón de 20 días para recoller esas 500 sinaturas.**

**AER comezou instalando postos de recollida de firmas nos cascos urbanos de Redondela e de Chapela, e posteriormente irá ao resto de parroquias.**

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) é un colectivo veciñal asembleario que naceu en abril do 2011 froito da indignación cidadá coa situación social, democrática e política; que para non ser un partido máis, decidiu presentarse ás eleccións municipais baixo o formato dunha Agrupación de Electores. Para presentar candidaturas, as agrupacións de electores necesitan dun mínimo de firmas que as avalen, que no caso de Redondela son 500 sinaturas; e constitúense exclusivamente para cada proceso electoral, polo que deben proceder a unha nova recollida de firmas para presentarse a unhas novas eleccións. Nas eleccións do 2011 AER recolleu parte do descontento cidadán, acadando 832 votos e un concelleiro. No 2015 volveu concorrer ás eleccións municipais, conseguindo desa vez 2.837 votos e 4 concelleir@s. Despois destes oito anos e da experiencia adquirida, AER decidiu volver presentarse de cara a dar un novo salto para as eleccións locais deste 2019, polo que necesitan outra vez 500 firmas.

### **TRABALLO DA AGRUPACIÓN.**

AER fai asembleas abertas tódalas semanas. A través delas, colectivos, asociacións e veciñ@s particulares fixéronlle chegar os seus problemas, dúbidas, críticas, propostas e inxerencias durante estes oito anos. Reunións abertas onde a veciñanza puido ver o traballo da Agrupación. AER sacou á rúa arredor de 60 boletíns informativos, onde tentan comunicar á xente moitas cousas que pasan no concello. Manteñen unhas redes sociais activas para que a veciñanza se informe e participe debatendo e aportando; onde publican novas de Redondela e de todos os grupos políticos, vídeos, fotos, comunicados e información/documentación do Concello que non chega á cidadanía por outras canles. Ademais, AER asumiu a gravación dos plenos e creou unha páxina web onde vén recollido todo o seu traballo e que supón un auténtico Portal de Transparencia de AER.

**A Agrupación de Electores de Redondela cumpriu sempre o que prometeu na campaña electoral e cambiou os seus concelleiros/as cada dous anos.** Participou activamente nos plenos e comisións, condicionando a aprobación de orzamentos municipais, remanentes, ordenanzas e regulamentos; propoñendo medidas para que o Concello funcione dun xeito moito máis transparente, democrático e participativo; para mellorar a igualdade e a inclusión social, para loitar contra a corrupción, para recuperar a nosa cultura e o noso entorno natural... Presentou máis de 100 mocións ou propostas no pleno. Ademais, durante estes 8 anos tamén levou a cabo unha intensa labor de fiscalización do goberno local, solicitando ducias de comparecencias, facendo centos de preguntas e presentando máis de 1000 solicitudes no rexistro municipal.

AER apoiou, axudou e/ou participou en todos os actos reivindicativos que tiveran un marcado carácter social, e que estiveran en consonancia cos seus principios éticos e ideolóxicos; actos, campañas, protestas, concentracións e manifestacións que durante estes oito anos foron innumerables e mobilizaron a moitos veciños e veciñas de Redondela: protestas dos afectad@s polas preferentes e pola hipoteca, en defensa da sanidade pública, en defensa da cultura, contra a ampliación da AP-9, folga xeral contra a reforma laboral, Marchas da Dignidade, campaña contra o canon e a Lei de Augas, a favor do dereito ao aborto, a favor do dereito a decidir, a favor dunha renda básica, en defensa do ensino público, a favor do peche da cementeira de Vilar, en contra do transvasamento do Verduxo e a favor dos bancos marisqueiros, a favor da liberdade de expresión e en contra da retirada da exposición do Colectivo Republicano, en contra do proxecto de contedores en Rande, campaña de sinalización con pictogramas, 8 de Marzo e Folga Feminista...

### **RECOLLIDA DE SINATURAS POLAS PARROQUIAS.**

Despois dunha longa reflexión, e por responsabilidade cara a xente que confiou en AER co seu voto e o seu apoio, a intención é volver presentarse nas vindeiras eleccións municipais de maio; sempre e cando reúnan os avais necesarios para facelo. AER comezou a semana pasada este proceso de recollida de sinaturas, instalando postos de recollida de firmas nos cascos urbanos de Redondela e de Chapela. O pasado domingo tamén estivo no centro cultural da Miñoteira, en Ventosela. Nos vindeiros días, AER estará tamén no resto de parroquias do noso concello.

Redondela, a 11 de abril de 2019.